

EUROPE DIRECT A CORUÑA ORGANIZA O IX ENCONTRO DE REDES EUROPEAS DE INFORMACIÓN EUROPEA ENTRE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL

Publicado por notici20 | Abr 18, 2023 | A CORUÑA, ESPAÑA, GALICIA | 0 ● | ★★★★★

 EUROPE DIRECT A Coruña organiza o IX encontro de redes europeas de información europea entre Galicia e o Norte de Portugal

O centro EUROPE DIRECT A Coruña impulsa a celebración do noveno encontro de redes de información europea presentes en Galicia e o Norte de Portugal, que este ano organiza xunto coa Associação Empresarial de Portugal (AEP), que exercerá de anfitriño do evento o 19 de abril en Oporto.

Esta xornada anual de traballo conxunto ten como obxectivo intercambiar experiencias e boas prácticas entre as diferentes redes de información europea. Tamén incentivar a cooperación entre elas a través da organización de accións e actividades que divulguen tanto o traballo dos centros europeos como a colaboración transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal. No encontro deste ano, abordarase especialmente a comunicación dos 30 anos que cumpre o mercado interior da Unión Europea, o acordo responsable da libre circulación de bens, servizos, capitais e persoas dentro do territorio da UE. As redes de información europea son canles creadas pola Comisión Europea para poñer ao servizo da cidadanía información xeral sobre as oportunidades, dereitos e políticas europeas. Existen redes de información xeral sobre as institucións e as súas políticas, como a rede Europe Direct, e outras redes de carácter especializado, como Enterprise Europe Network, a Rede EURES e Eurodesk.

No encontro en Oporto participan representantes das redes EUROPE DIRECT, Centro de Documentación Europea, Enterprise Europe Network, rede EURES, Eurodesk e Erasmus for Young Entrepreneurs das seguintes entidades de acollida: Deputación da Coruña, Concello de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela, Axencia Galega de Innovación, Confederación de Empresarios de Galicia, Xunta de Galicia, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, UNINOVA – Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Inovadoras, Asociación para o Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo, Concello de Tomiño, Asociación Ing Galicia, Instituto Politécnico do Cávado e do Ave, Associação de Ensino Profissional do vale do Sousa, Associação Paredes pela Inclusão Social, Associação Empresarial de Portugal, Associação Empresarial do Alto Tâmega e Associação Universidade-Empresa para o Desenvolvemento – TecMinho.



COMPARTIR: TARIFA:

< ANTERIOR

A Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos esixen á Xunta que se implique na recuperación do Pasatempo, na que "non investiu un céntimo"

SIGUIENTE >

SOBRE EL AUTOR



notici20

ARTÍCULOS RELACIONADOS




Rubén Arroxo pide á Xunta "que aclare se vai pechar o centro de saúde de Nadela ou non"

19 de julio de 2023



El Camino Francés resulta el preferido por muchos peregrinos a Santiago

27 de julio de 2023



O Concello de Laracha e a Confraría de Pescadores de Caión renovan o convenio de colaboración

1 de enero de 2023



Once mozos laracheses participan no programa de intercambio xuvenil en Venecia que comeza o sábado

23 de junio de 2023

DEJA UNA RESPUESTA

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos obligatorios están marcados con *

COMENTARIO

NOMBRE *

CORREO ELECTRÓNICO *

WEB

PUBLICAR COMENTARIO

redaccion@21noticias.com

publicidad@21noticias.com

direccion@21noticias.com

admin@21noticias.com

